



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL (2022/E001/000022).

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a selección laboral temporal dunha (1) praza de auxiliar de biblioteca, para a prestación de servizos na biblioteca pública municipal.

As retribucións serán as correspondentes ao salario mínimo interprofesional.

Funcións: a información e atención ao usuario comprenderá, entre outras, as seguintes funcións:

- Colocación e ordenación de fondos.
- Recepción, rexistro e control de publicacións periódicas.
- Realización de recontos e expurgos.
- Rexistro de fondos bibliográficos e preparación dos mesmos para pór a disposición do público.
- Introducción de datos correspondentes ao rexistro de exemplares en bases de datos bibliográficos.
- Atención ao usuario.
- Información xeral sobre a biblioteca e os seus servizos.
- Información bibliográfica básica.
- Servizo de préstamo de documentos.
- Expedición de carnés de usuarios/as.
- Colaboración no desenvolvemento de actividades culturais e de promoción da lectura.
- Colaboración nas actividades de formación de usuarios/as.
- Confección de estatísticas.
- Coñecemento e manexo do sistema de xestión bibliotecaria municipal, para poder levar a cabo correctamente as funcións anteriormente descritas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán que reunir, na data que remata o prazo sinalado para a presentación de solicitudes, as seguintes condicións:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Ter cumpridos 16 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria (ESO) ou equivalente.
- No caso de invocar un título equivalente ao esixido ou titulación obtida no estranxeiro, o aspirante deberá presentar o correspondente certificado de equivalencia expedido polo órgano estatal ou autonómico competente en materia de educación. Dita equivalencia deberá referirse, tanto no grado como na especialidade esixida.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do certificado de iniciación á lingua galega ou CELGA 3.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

- Non ter sido separado nin despedido, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, sin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvía no caso de persoal laboral.
- No caso de pertencer a outro Estado, non atoparse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao servizo público.

TERCEIRA.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.

En aplicación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado laboral, o contrato será de duración determinada por circunstancias da produción a media xornada, por un período de 6 meses.

O horario de traballo será de luns a venres de 16,00 a 20,00 horas.

CUARTA.- RETRIBUCIÓNS.

As retribucións estipuladas para este posto, son de 583,34 euros/mes, brutos (incluído todos os conceptos salariais e pagas extraordinarias).

QUINTA.- SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de OITO días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da sede do Concello sede.manon.es e na páxina web (www.manon.es).

Se o último día de presentación de solicitudes recae en día inhábil, o prazo entenderase ampliado ata o día hábil seguinte.

Para ser admitidos e tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán manifestar na solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria.

Será necesario acreditar xunto coa solicitude:

- Fotocopia do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Fotocopia do título esixido.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello sede.manon.es ou no rexistro do Concello en horario de 9,00 a 14,00 horas.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Concederase un prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación para rectificacións, emendar erros e posibles reclamacións.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerarase automaticamente elevada a definitiva se non se presentan reclamacións.

Se houberse reclamacións, serán estimadas ou desestimadas, se procede, no prazo máximo de cinco días, nunha nova resolución de aprobación definitiva, que se fará pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

SÉTIMA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- O tribunal cualificador será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local) en base ao establecido por RD Lexislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Será posible o nomeamento dun colaborador, de ser preciso.

De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas, publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevaraa á Alcaldía.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á aprobación do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira (3.ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

OITAVA.- PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo consistirá na realización dunha proba escrita, na que o/a aspirante expoñerá, o programa detallado de traballo que o/a aspirante ten previsto realizar na biblioteca, de conformidade coas funcións establecidas no apartado primeiro das presentes bases.

A proba terá unha duración máxima de 60 minutos e rematado o tempo de duración procederase por cada un dos aspirantes, por orde alfabética dos apelidos, á lectura do texto escrito. A continuación o Tribunal poderá realizar as preguntas que considere en relación coa exposición da proba e as funcións e os coñecementos dos que dispón cada un dos aspirantes en relación coa praza que se convoca.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos.

NOVENA.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para o posterior nomeamento como persoal laboral temporal e, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeadas persoal cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, podendo tamén publicarse na páxina web do concello e na sede electrónica.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días naturais, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
6. Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

A formalización do contrato laboral co aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde; o/a aspirante deberá incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido/a.

UNDÉCIMA.- BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO DAS/OS ASPIRANTES.

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que poidan resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade. A bolsa será ordeada segundo a puntuación obtida.

O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación e os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

A bolsa de traballo terá unha vixencia de 6 meses contados dende o inicio da contratación.

DUODÉCIMA.– INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/as interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, ou a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 10 de outubro de 2022.

A SECRETARIA



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____,
con DNI _____ domicilio en _____
_____, n.º ____, portal ____, piso _____,
C.P. _____, localidade _____ concello _____,
teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Mañón para a SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DA BIBLIOTECA.

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso para provisión temporal DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DA BIBLIOTECA achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Fotocopia Título esixidos para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Fotocopia Certificado Celga 3 ou certificado de iniciación.
- Relación ORDEADA E FOLIADA dos documentos que se presentan.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, infórmaselle que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro do que é titular o Concello de Mañón, podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no Concello de Mañón, Praza do Mesón, nº 1. 15337 – O Barqueiro. Mañón (A Coruña)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO II

D./D.^a _____,

con DNI _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos , infórmase que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro do que é titular o Concello de Mañón, podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no Concello de Mañón, Praza do Mesón, nº 1. 15337 – O Barqueiro. Mañón (A Coruña)